

Boletín Oficial da Universidade de Santiago de Compostela

Ano II | Número 1 | 23 de xaneiro de 2026

I. Disposicións xerais

Acordo do 28 de novembro de 2025, do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela polo que se aproba a modificación do Regulamento de Planificación Académica	2
Acordo do Consello de Goberno do 28 de novembro de 2025 polo que se modifica o Regulamento de Estudos Propios da Universidade de Santiago de Compostela.....	6
Acordo do 28 de novembro de 2025, do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela polo que se aproba a modificación do Acordo do Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2019, sobre a esixencia de nivel de coñecemento de lingua galega ou española para a matrícula en estudos de grao, máster e doutoramento oficial.....	9
Acordo do 28 de novembro de 2025, do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela polo que se aproba a modificación do Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC.....	11
Acordo do 28 de novembro de 2025, do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela polo que se aproba a modificación do Regulamento de TFG do Grao en Ciencia Política e da Administración.....	13

III. Acordos e resolucións dos órganos da USC

Acordo do 17 de decembro de 2025, da Comisión Electoral Central polo que se proclaman definitivamente as candidatas a reitora	18
Acordo do 17 de decembro de 2025, da Comisión Electoral Central polo que se proclaman definitivamente os candidatos e as candidatas da elección de representantes no Claustro Universitario	20
Acordo do 17 de decembro de 2025, da Comisión Electoral Central polo que se proclaman definitivamente os candidatos e candidatas da elección de representantes nas Xuntas de Centro e nos Consellos de Departamento	43
Acordo do 17 de decembro de 2025 da Comisión Electoral Central, sobre o uso de medios institucionais da Universidade polos candidatos e candidatas nos procesos electorais de reitora e de representantes no Claustro universitario	95
Resolución da xerencia, do 15 de xaneiro de 2026, pola que se corríxen a resolución do 29 de decembro de 2025 de prórroga do orzamento para o exercicio económico 2026.....	99

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Acordo do 28 de novembro de 2025, do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela polo que se aproba a modificación do Regulamento de Planificación Académica

Incorpórase a data do Consello de Goberno que aproba estas modificacións:

Onde dí:

Aprobado polo Consello de Goberno o día 20 de decembro de 2019 e modificado nas reunións de Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020, 24 de xullo de 2020, 23 de febreiro de 2023, 23 de novembro de 2023, 25 de novembro de 2024 e 30 de abril de 2025.

Debe dicir:

Aprobado polo Consello de Goberno o día 20 de decembro de 2019 e modificado nas reunións de Consello de Goberno do 19 de xuño de 2020, 24 de xullo de 2020, 23 de febreiro de 2023, 23 de novembro de 2023, 25 de novembro de 2024, 30 de abril de 2025 e 28 de novembro de 2025.

Artigo 10. *Reducións da capacidade lectiva das áreas de coñecemento*

Eliminar o apartado 5, relativo á redución por coordinación de área, por tratarse dunha responsabilidade académica xa contemplada no apartado 1 deste mesmo artigo.

Artigo 11. *Encargo lectivo dunha área de coñecemento*

Modifícase a redacción do artigo, retirando a palabra “clínica”

Onde di:

O encargo lectivo dunha área de coñecemento é a suma das horas de docencia expositiva, interactiva e clínica das materias de grao e mestrado que ten asignadas nun curso académico.

Debe dicir:

O encargo lectivo dunha área de coñecemento é a suma das horas de docencia expositiva e interactiva das materias de grao e mestrado que ten asignadas nun curso académico.

Artigo 28. *Modificación do Plan de Organización Docente*

Modifícase a redacción do apartado 5.

Onde di:

5. Cando, iniciado o curso académico, se produza a incorporación dun profesor/a, as súas obrigas

docentes deberán ser proporcionais ao período de tempo que reste para finalizar o curso.

Debe dicir:

5. Cando, iniciado o curso académico, se produza a incorporación dun profesor/a, as súas obrigas docentes deberán ser proporcionais ao período de tempo que reste para finalizar o curso, agás que en casos excepcionais o encargo docente realizado polo departamento se separe dese criterio. Neste caso, o departamento deberá xustificalo ante a vicerreitoría con competencias en organización académica, que resolverá oído o/a profesor/a implicado/a.

Engadir a Disposición final quinta:

Disposición final quinta. *Efectos. Entrada en vigor.*

A modificación do Regulamento aprobado polo Consello de Goberno do 28 de novembro de 2025 entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da USC e surtirá efectos na planificación do curso académico 2026/2027 e seguintes.

Modificacións do ANEXO I. *Recoñecemento de actividades docentes, investigadoras e de xestión como horas docentes equivalentes*

I. RECOÑECIMIENTO DA ACTIVIDADE DOCENTE

Modifícase a redacción dos apartados 1.c, 1.d e 1.ñ e do apartado 2.

1. *Darán lugar ao recoñecemento de horas docentes equivalentes as seguintes actividades docentes:*

Onde di:

c) Coordinador/a de prácticas de grao (só no caso de que o responsable non sexa membro do equipo de dirección do centro e sempre que o grao conte cun número de estudantes superior ao que se estipula para a división en grupos de créditos prácticos ECTS): 20 HDE. Nomearase un único coordinador por centro, agás naqueles en que se impartan titulacións cun alto número de estudantes en prácticas, en cuxo caso se valorará a necesidade de incrementar o recoñecemento ou de conceder un coordinador/a por cada titulación.

Debe dicir:

c) Coordinador/a de prácticas de grao (só no caso de que o responsable non sexa membro do equipo de dirección do centro e sempre que o grao conte cun mínimo de 10 estudantes nestas prácticas): 20 HDE. Nomearase un único coordinador por centro, agás naqueles en que se impartan

titulacións cun alto número de estudantes en prácticas, en cuxo caso se valorará a necesidade de incrementar o recoñecemento ou de conceder un coordinador/a por cada titulación.

Onde di:

d) Coordinador/a de prácticas de mestrado (só no caso de que non sexa o coordinador do título nin forme parte do equipo de dirección do centro sempre que o mestrado conte cun número de estudantes superior ao que se estipula para a división en grupos de créditos prácticos ECTS): 10 HDE.

Debe dicir:

d) Coordinador/a de prácticas de mestrado (só no caso de que non sexa o coordinador do título nin forme parte do equipo de dirección do centro e sempre que o mestrado conte cun mínimo de 5 estudantes nestas prácticas): 10 HDE.

Onde di:

ñ) Recoñecemento da docencia en galego: recoñeceranse 0,2 HDE por cada hora lectiva impartida en galego. Deberá impartirse na dita lingua polo menos un grupo completo de cada tipo de docencia.

Debe dicir:

ñ) Recoñecemento da docencia en galego: recoñeceranse 0,2 HDE por cada hora lectiva impartida en galego.

2. Recoñecemento dun maior esforzo docente

Onde di:

Aplicaranse os seguintes factores correctores ás horas de docencia expositiva de cada materia, en función do número de estudantes matriculados no curso anterior (o número de estudantes repetidores non poderá exceder do 20% dos estudantes de nova matrícula):

Debe dicir:

Aplicaranse os seguintes factores correctores ás horas de docencia expositiva impartida polo profesor/a, en función do número de estudantes matriculados no curso anterior (estudantes novos máis o 20% dos repetidores):

II. RECOÑECIMIENTO DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

Modifícase o apartado vi)

Onde di:

vi. Proxecto internacional con participación da USC como socio (Interreg, Erasmus+): 80 HDE.

Debe dicir:

vi. Proxecto internacional con participación da USC como socio (Interreg, COSTAction, Erasmus+): 80 HDE.

III. RECOÑECIMIENTO DE ACTIVIDADES DE XESTIÓN

Antes do apartado a)

Incorporar:

Darán lugar ao recoñecemento de horas docentes equivalentes as seguintes actividades de xestión:

Incorporar o seguinte recoñecemento:

k) Coordinación da Unidade de Investigación e Intervención en Dislexia: 10 HDE.

Publicado no taboleiro electrónico da USC con data do 3-12-2025

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/136844/carga.htm>

CSV: 07C4-0884-4B9F-BD7C

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Acordo do Consello de Goberno do 28 de novembro de 2025 polo que se modifica o Regulamento de Estudos Propios da Universidade de Santiago de Compostela

A Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario inclúe as microcredenciais universitarias como parte dos ensinos que poden impartir as universidades na modalidade de formación ao longo da vida, debendo cada universidade regular a formación permanente nunha normativa específica, segundo o mandato do artigo 37.8 do Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

En cumprimento desta obriga, a Universidade de Santiago de Compostela aprobou o 30 de marzo de 2023 o Regulamento do Estudos Propios co obxecto de regular o deseño, funcionamento e organización dos estudos propios da USC, nos que se integran as microcredenciais universitarias. No art. 32 deste Regulamento prevese a posibilidade de que o estudantado que teña superado un ou varios cursos propios que constitúan, á súa vez, un ou varios módulos dun curso superior, poida solicitar o recoñecemento da totalidade destes para matricularse dos créditos restantes no curso superior.

Porén, o Regulamento non conta cunha regulación específica sobre itinerarios formativos modulares que permitan a creación de itinerarios educativos personalizados. Este tipo de itinerarios considéranse imprescindibles á vista das actuais recomendacións da Unión Europea, recollidas no Plan de acción para o desenvolvemento das microcredenciais universitarias en España do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (Plan Microcreds), que sinalan a importancia do deseño de microformacións que poidan ser acumuladas e combinadas en credenciais máis amplas, particularmente no caso de formacións dirixidas ao estudantado adulto.

Coa reforma proposta permítese ao estudantado elaborar os seus propios itinerarios formativos, mediante un modelo baseado nunha planificación de rutas, que atenden a criterios claros nos que se determinan que combinacións se poden sumar a un certificado ou título de nivel superior e o límite máximo de recoñecemento baixo a denominación “itinerarios formativos modulares”.

Por todo o anterior o Consello de Goberno acorda engadir un novo art. 32 bis no Regulamento de estudos propios da Universidade de Santiago de Compostela.

Único. Engádesse un art. 32 bis ao Regulamento de estudos propios da Universidade de Santiago de Compostela, coa seguinte redacción:

Artigo 32 bis. *Itinerarios formativos modulares.*

As microcredenciais universitarias poderán acumularse con outras da mesma ou distinta nature-

za que se complementen entre si, co fin de conformar itinerarios formativos modulares que permitan a obtención gradual dun o varios títulos ou certificados de nivel superior dentro do marco dos estudos propios ou formación permanente da Universidade.

Previa solicitude da persoa que asuma a dirección dun itinerario formativo modular, o CEP establecerá os criterios de compatibilidade, coherencia temática e temporalidade que permitan o recoñecemento automático de microcredenciais acumulables, así como o número máximo de créditos ECTS acumulables, garantindo a coherencia académica e administrativa de cada itinerario.

O órgano competente para a aprobación dos itinerarios formativos modulares será o Consello de Goberno, de conformidade co procedemento xeral establecido no art. 19.5 deste Regulamento.

Os itinerarios formativos modulares deberán ser obxecto de publicación, quedando incorporados na memoria académica da titulación ou certificado de destino, identificando expresamente as competencias, a carga lectiva en créditos ECTS e o sistema de avaliación correspondente, de xeito que se poidan efectuar o recoñecemento automático dos créditos asociados a cada microcredencial.

A microcredencial universitaria que forme parte dun itinerario formativo modular debe ser aprobada individualmente, segundo o procedemento establecido para estes efectos, facéndose constar que forma parte dun itinerario formativo modular.

Tras a superación dos distintos módulos que, no seu caso, formen un itinerario emitíranse certificacións intermedias que acrediten a obtención do título de nivel superior que proceda, sen prexuízo de que se expida un título ou certificado independente por cada microcredencial universitaria.

A modificación dunha microcredencial universitaria que forme parte dun itinerario formativo modular non implicará á modificación do itinerario no que se integre, non sendo no caso de perda da súa coherencia académica e administrativa, o que poderá determinar que deixe de ofertarse o dito itinerario.

Para os efectos da tramitación das modificación da microcredencial universitaria estarase ao disposto no art. 20 deste Regulamento.

A proposta da Comisión de Estudos Propios, o Consello de Goberno acordará que deixe de ofertarse o itinerario formativo modular, nos casos en que se estime producida perda de coherencia académica e administrativa.

Se se deixase de ofertar unha microcredencial universitaria que forme parte dun itinerario formativo modular non se producirá a extinción do dito itinerario, non sendo no caso de perda da súa coherencia académica e administrativa.

A proposta da Comisión de Estudos Propios, o Consello de Goberno acordará que deixe de ofertarse o itinerario formativo modular, nos casos en que se estime producida perda de coherencia académica e administrativa.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Este acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

Publicado no taboleiro electrónico da USC con data do 3/12/2025

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/136842/carga.htm>

CSV: E6AC-262D-4F1A-807A

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Acordo do 28 de novembro de 2025, do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela polo que se aproba a modificación do Acordo do Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2019, sobre a esixencia de nivel de coñecemento de lingua galega ou española para a matrícula en estudos de grao, máster e doutoramento oficial

O Consello de Goberno, na súa reunión do 28 de febreiro de 2019, aprobou o Acordo sobre a esixencia de nivel de coñecemento lingua galega ou española para a matrícula en estudos de grao, máster e doutoramento oficial para os alumnos estranxeiros de países con lingua oficial distinta do castelán para cursar estudos oficiais de grao, máster e doutoramento, que foi posteriormente modificado polo Acordo de Consello de Goberno de 28 de maio de 2025.

O Acordo establece os niveis de coñecemento esixibles para ambos idiomas, así como a forma de acreditarlos. Concretamente, o Acordo dispón que:

«1.1.- O alumnado deberá acreditar coñecementos de lingua española mediante un título de nivel B1 ou superior expedido polo Instituto Cervantes, agás para o grao en Lingua e Literatura Españolas, para o que se deberá acreditar un nivel B2 ou superior.

Para o caso do galego, a acreditación deberá realizarse mediante un título de Celga II, conforme á Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.»

O aumento significativo de estudantes estranxeiros de países con lingua oficial distinta do castelán e o portugués aconsella ampliar as formas nas que se pode acreditar o nivel de coñecemento da lingua española, en beneficio do propio estudantado.

Ademais, a Resolución reitoral do 5 de febreiro de 2025 pola que se desenvolve o Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de grao e máster da Universidade de Santiago de Compostela, de 24 de xullo de 2024, en materia de recoñecemento de actividades e polo que se publica o catálogo de actividades susceptibles de recoñecemento e a súa equivalencia en créditos establece no Apartado III do Anexo II, as formas nas que se pode acreditar o nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira, admitindo acreditacións documentais expedidas por Universidades e Centros que tamén realizan a acreditación de niveis de coñecemento de lingua española.

Por todo o anterior, o Consello de Goberno, na súa sesión do 28 de novembro de 2025,

ACORDA

PRIMEIRO.

Modificar a aliña 1.1 do Acordo do Consello de Goberno do 28 de febreiro de 2019, sobre a esixencia de nivel de coñecemento de lingua galega ou española para a matrícula en estudos de grao, máster e doutoramento oficial, que queda redactada como segue:

1.1.- O alumnado deberá acreditar coñecementos de lingua española de nivel B1 ou superior, agás para o grao en Lingua e Literatura Españolas, para o que se deberá acreditar un nivel B2 ou superior.

O nivel de coñecemento da lingua española xustificarase mediante a acreditación documental de superación dos niveis nos que consten as destrezas de comprensión e expresión oral e escritas ligadas ao nivel de competencia referido ao MECRL, expedida por outras universidades públicas españolas e universidades do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), escolas oficiais de idiomas (EOI), centros lingüísticos oficiais e organismos recoñecidos polas comisións lingüísticas da Conferencia de reitores das universidades españolas (CRUE) e da Asociación de centros de linguas das Universidades españolas (ACLES). No caso de que a certificación acredite diferentes niveis, acreditarase o nivel mínimo establecido nas destrezas, con independencia do nivel global que conste no documento.

Para o caso do galego, a acreditación deberá realizarse mediante un título de Celga II, conforme á Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Acordo entrará en vigor na data da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da USC e será aplicable desde o curso 2025-2026.

Publicado no taboleiro electrónico da USC con data do 03-12-2025

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/136848/carga.htm>

CSV: 0F0A-C6F2-423E-A923

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Acordo do 28 de novembro de 2025, do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela polo que se aproba a modificación do Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC

A Universidade de Santiago de Compostela forma parte de diferentes entidades e organizacións de carácter interuniversitario, tanto de ámbito estatal como internacional, que teñen como finalidade a cooperación para o desenvolvemento conxunto de actividades docentes, investigadoras e de transferencia do coñecemento.

Entre elas ocupan un lugar destacado CLARIAN e DARIAH, dúas infraestruturas de investigación de ámbito europeo ás que o Estado Español se adheriu a partir da constitución dun grupo inicial, formado pola Universidad del País Vasco / Euskal Herriko Unibertsitatea, a Universitat d'Alacant, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidad Nacional de Educación a Distancia, a Universidad Complutense de Madrid, o Barcelona Supercomputing Centre - Centro Nacional de Supercomputación, a Universidad de Jaén, a Universidad de las Palmas de Gran Canaria, o Consejo Superior de Investigaciones Científicas e a Biblioteca Nacional de España. Estas institucións asinaron o 8 de agosto de 2023 un protocolo xeral de actuación para a articulación dos nodos españois das Infraestruturas de Investigación Europeas Common Language Resources and Technology Infrastructure (CLARIN ERIC) e Digital Research Infrastructure for the Arts and Humanities (DARIAH ERIC), que se agrupan baixo a denominación de CLARIAH. A estas institucións engadíranse posteriormente o Centro de Supercomputación de Castilla y León e a Fundación Dialnet.

De acordo co protocolo asinado, correspóndelle á Universidade de Santiago de Compostela asumir as funcións de coordinación do nodo galego desta infraestrutura, polo que se fai preciso designar formalmente unha persoa encargada desta función.

O Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribución de cargos e responsables académicos na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019, recolle no seu anexo II a relación de Responsables Académicos. Dado que a mencionada responsabilidade non figura neste anexo, procede incluír esta actividade dentro do catálogo de responsables académicos, cun recoñecemento horario de 120 horas e sen retribución económica, debendo proceder para estes efectos á modificación do anexo do citado regulamento.

É por isto que o Consello de Goberno, na súa sesión do día 28 de novembro de 2025, acorda: Único.

Modificar o Anexo II do Regulamento polo que se establece o réxime de redución docente e de retribucións de cargos e responsables académicos na USC, conforme a táboa que se engade como anexo a este acordo.

Disposición derradeira.

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela.

Anexo

RESPONSABLE ACADÉMICO	REDUCCIÓN DOCENTE	CÓDIGO COMPLEMENTO	OBSERVACIÓNS
	HORAS/CURSO		
Coordinador/a do nodo galego CLARIAH	120	---	

Publicado no taboleiro electrónico da USC con data do 3/12/2025
<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/136849/carga.htm>
CSV: B4A2-5092-4C3A-A273

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Acordo do 28 de novembro de 2025, do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela polo que se aproba a modificación do Regulamento de TFG do Grao en Ciencia Política e da Administración

O propósito desta reforma é, en primeiro lugar, permitir a defensa do TFG por parte do alumnado coas prácticas obrigatorias sen rematar, en coherencia coa última reforma do regulamento xeral da USC. En segundo lugar, realizáronse unha serie de adaptacións e correccións de carácter menor, que están detalladas a continuación. Por último, elimináronse do regulamento os aspectos máis detallados de carácter académico (artigos 11 e 18) por considerar que o propio era recollelos na guía docente.

Artigo 6. *Matrícula e réxime de convocatorias*

Versión anterior:

A matrícula rexeráse pola convocatoria de cada curso académico polo que respecta a requisitos, prazos e demais circunstancias. Para poder formalizar a matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG.

A matrícula dará dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades en calquera das previstas no curso no que estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación. O número máximo de convocatorias que poderá esgotar o alumno/a será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de non presentado computarase para os efectos de consumir a convocatoria. Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática, polo que non se computará para os efectos de esgotar convocatoria.

Nova versión:

A matrícula dos traballos realizarase dentro do prazo xeral de matrícula que estableza a Universidade para cada curso académico. A matrícula dará dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades en calquera das previstas no curso no que estea matriculado, sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

Os TFG depositados só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o alumno/a superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, salvo os correspondentes a prácticas académicas externas matriculadas no mesmo curso académico.

A Unidade de xestión do Centro deberá verificar que se cumpran estes requisitos para autorizar a defensa dos TFG. Para estes efectos, se na data de defensa aínda non se recibiron todas as actas de avaliación das materias, solicitarase información ao profesorado responsable sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos nesa oportunidade.

Artigo 11. *Requisitos mínimos*

Versión anterior

- A elaboración e defensa do traballo poderanse efectuar en calquera das linguas que se utilizan na impartición do grao. A extensión recomendada do traballo é de entre 50 e 70 páxinas, non incluídos nelas a portada, os índices, a bibliografía nin os Anexos.
- Todos os TFGs deberán incluír, segundo os contidos correspondentes, os seguintes apartados:
- Portada.
- Índice xeral, co título de cada unidade de contido e o número da páxina na que se atopa o título.
- Índice de táboas / cadros, co título de cada táboa / cadro e o número da páxina na que se atopa a táboa / cadro.
- Índice de gráficos / figuras, co título de cada gráfico / figura e o número da páxina na que se atopa o gráfico / figura.
- Listaxe de acrónimos / abreviaturas.
- Introducción. Neste apartado, xustificarase e presentarase a investigación. Aportaranse argumentos sobre a pertinencia teórica, empírica ou práctica do tema elixido; se contextualiza o traballo no contexto cognitivo da disciplina correspondente; estableceranse os obxectivos da investigación; formularanse as preguntas ás que se trata de responder coa investigación emprendida; e anticiparase o a estrutura do traballo e a secuencia de pasos da exposición subseguinte.
- Revisión bibliográfica (excepto aqueles TFGs cuxo formato sexa o dunha revisión bibliográfica).
- Apartados correspondentes á modalidade de TFG elixido (segundo propostas contidas na guía docente correspondente).
- Conclusións.
- Bibliografía, ordenada, ben alfabeticamente, ben de acordo con algún criterio relevante. Cando se considere que aclara a localización das fontes, é posible dividila en subapartados. Igualmente, é posible diferenciar as fontes electrónicas das fontes en papel, recollendo as primeiras nunha Webgrafía.
- Anexos / Apéndices. Neles inclúense, no seu caso, os Anexos que recollen os documentos legais consultados, que non son parte da bibliografía.

Nova versión

A elaboración e defensa do traballo poderanse efectuar en calquera das linguas que se utilizan na impartición do grao.

Na portada deben figurar o nome do autor/a, o nome da persoa que titoriza e o título en galego, castelán e inglés.

O resto de contidos e características técnicas (extensión, índices, estrutura, bibliografía, formato das citas, anexos...) especificaranse na guía docente da materia.

Artigo 13. *Requisitos de avaliación*

Versión anterior (art. 14)

Os TFG só poderán ser avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todas as materias restantes do plan de estudos e dispón de todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, agás os correspondentes aos propios traballos. O Centro deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias, o secretario/a da Facultade solicitaralle ao profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria. Estes informes teranse en conta no momento de cualificación dos traballos.

No caso de que algún ou algunha estudante defenda o TFG sen cumprir este requisito, esta avaliación non producirá efectos, sendo un acto nulo.

Nova versión (A partir do artigo 11 renumérase o articulado, pasando o artigo 13 a ser o artigo 12)

Os TFG só poderán ser avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todas as materias restantes do plan de estudos e dispón de todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, agás os correspondentes aos propios traballos e ás prácticas obrigatorias.

O centro deberá verificar que se cumpran estes requisitos para autorizar a súa defensa, poñéndose en contacto, de ser o caso, co profesorado das materias pendentes de cualificar das que o alumno estea matriculado.

No caso de que algún ou algunha estudante defenda o TFG sen cumprir este requisito, esta avaliación non producirá efectos, sendo un acto nulo.

Artigo 14. *Solicitud de avaliación e depósito do TFG (cambio no parágrafo 1)*

Versión anterior (art.15)

Dentro dos prazos establecidos no punto anterior, os interesados/as en defender o traballo deberán depositalo através da secretaría virtual. Na portada do traballo, ademais do nome do autor/a e do titor/a, debe figurar o título do traballo en galego, castelán e inglés. (...)

Nova versión

Dentro dos prazos establecidos no punto anterior, os interesados/as en defender o traballo deberán depositalo a través da secretaría virtual en formato dixital. Na portada do traballo, ademais do nome do autor/a e do titor/a, debe figurar o título do traballo en galego, castelán e inglés. Non é preciso depositar exemplares impresos. O profesorado dos tribunais poderá solicitar copias impresas ao centro. (...)

Artigo 16. *Tribunais de avaliación (cambio no parágrafo 1)*

Versión anterior (art.17)

Cando a avaliación sexa realizada por un Tribunal este estará formado por tres membros que serán persoal docente e investigador da titulación. Así mesmo, a Comisión de TFG publicará unha listaxe ordenada de suplentes. Procurarase que, cando menos, un dos titulares do tribunal pertenza ao departamento do titor/a. Os titores/as dos traballos avaliados non poderán formar parte dos tribunais. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

Nova versión

Cando a avaliación sexa realizada por un Tribunal este estará formado por tres membros que serán persoal docente e investigador da titulación. Así mesmo, a Comisión de TFG publicará unha listaxe ordenada de suplentes. Procurarase que, cando menos, un dos titulares do tribunal pertenza á área do titor/a. Os titores/as dos traballos avaliados non poderán formar parte dos tribunais. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

Artigo 18. *Aspectos de avaliación*

Versión anterior (art. 19)

A avaliación da aprendizaxe terá como criterio fundamental o nivel de adquisición integrado das competencias propias do Grado reflectidas polo traballo elaborado e defendido polo alumno. Os tribunais (ou o titor, en caso de defender ante titor) establecerán os criterios de avaliación en función dos seguintes elementos:

Proceso de traballo: Valorarase o progreso do estudante durante a elaboración do Traballo de Fin de Grao. No caso de defensa perante un tribunal, este aterase á valoración realizada no apartado correspondente do informe emitido polo titor. O resto dos apartados do informe do titor/a teranse en conta polos membros do tribunal ao cualificar o TFG de acordo coa ponderación establecida nos puntos seguintes.

Calidade da investigación: Valorarase a calidade final do TFG e a manifestación nel das competencias dun aspirante a graduado/a en ciencia política e da administración. Concretamente, valoraranse, segundo proceda de acordo coa modalidade do TFG elixida, a xustificación do TFG (incluída a revisión bibliográfica realizada), a teorización, o deseño da investigación, o rigor metodolóxico, a recolleita de datos, a análise de datos, a presentación dos resultados, os achados obtidos e a disposición estrutural dos contidos.

Presentación escrita: Valoraranse a adecuación aos requisitos de formato, o adecuado uso da linguaxe técnica da disciplina e a corrección léxica, gramatical e ortográfica.

Defensa pública: Valoraranse as competencias de comunicación oral e de debate do estudante.

Nova versión

A avaliación da aprendizaxe terá como criterio fundamental o nivel de adquisición integrado das

competencias propias do Grado reflectidas polo traballo elaborado e defendido polo alumno. Os tribunais (ou o titor, en caso de defender ante titor) establecerán os criterios de avaliación en función dos seguintes elementos: proceso de traballo, calidade da investigación, presentación escrita e defensa pública.

Artigo 19. *Publicación e revisión das cualificacións (Cambio no parágrafo 1)*

Versión anterior (art. 20)

Publicarase a cualificación nos taboleiros do centro, a ser posible, no mesmo día da lectura do traballo. (...)

Nova versión

Publicarase a cualificación o mesmo día da lectura do traballo, no formato que se fixe na convocatoria, con atención aos criterios fixados na normativa de protección de datos. (...)

Artigo 20. *Dereitos e deberes do alumnado. Publicación dos traballos. (Cambio no parágrafo 6)*

Versión anterior (art. 21)

(...) A Comisión de TFG poderá propoñer a publicación dos TFG que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (Minerva), e en especial propoñeranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia. Os/as autores/as dos traballos propostos, asinarán o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal.

Nova versión

(...) Publicaranse no repositorio institucional da USC (Minerva) todos os traballos cualificados cun 9 ou nota superior cuxo autor o autorízase, sen prexuízo de que a Comisión de TFG decida enviar TFGs con outra cualificación.

Publicado no taboleiro electrónico da USC con data do 28 de novembro de 2025

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/136852/carga.htm>

CSV: 4664-8DD3-474D-9DBA

III. ACORDOS E RESOLUCIÓNS DOS ÓRGANOS DA USC

Acordo do 17 de decembro de 2025, da Comisión Electoral Central polo que se proclaman definitivamente as candidatas a reitora

De conformidade co Regulamento Electoral Xeral da USC e coa Resolución Reitoral do 10 de novembro de 2025, pola que se convoca elección de reitora ou reitor, a Comisión Electoral Central, reunida o 17 de decembro de 2025, acordou:

1. Proclamar candidata a D^a M^a da Alba Nogueira López, por ter acreditado os requisitos contidos no Resolvo 5º da Resolución Reitoral do 10 de novembro de 2025.

2. Proclamar con carácter definitivo as seguintes candidatas a reitora:

- D^a Rosa María Crujeiras Casais
- D^a María Teresa Flores Arias
- D^a María José López Couso
- D^a M^a da Alba Nogueira López

3. Dispoñer a publicación na web electoral e nos taboleiros electorais deste acordo.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.3 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A presidenta da Comisión Electoral Central

Diana Santiago Iglesias

<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anuncio/137168/carga.htm>

Publicado no taboleiro electrónico da USC con data do 19/12/2025

CSV: B372-5581-4347-B83E

III. ACORDOS E RESOLUCIÓN DOS ÓRGANOS DA USC

Acordo do 17 de decembro de 2025, da Comisión Electoral Central polo que se proclaman definitivamente os candidatos e as candidatas da elección de representantes no Claustro Universitario

De conformidade co Regulamento Electoral Xeral da USC e no marco da convocatoria de eleccións aprobada o 10 de novembro de 2025 pola Comisión Electoral Central, tendo en conta que non se recibiu ningún recurso contra a proclamación provisional de candidatos/as,

A Comisión Electoral Central, reunida o 17 de decembro de 2025, acordou:

Proclamar candidatos/as ás persoas que constan nas listaxes anexas con indicación do sector e circunscrición nos que presentaron candidatura.

Dispoñer a publicación na web electoral e nos taboleiros electorais deste acordo e da relación definitiva de candidatos/as.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.3 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A presidenta da Comisión Electoral Central Diana Santiago Iglesias

Elección de representantes no Claustro universitario 2026

Proclamación definitiva de candidaturas

Sector: Sector I

Circunscrición: Escola Politécnica Superior de Enxeñaría

Nome completo	Agrupación electoral
AMIAMA ARES, CARLOS	NINGUNHA
BUENO LEMA, JAVIER	NINGUNHA
CARRAL VILARIÑO, EMILIO V.	NINGUNHA
COMESAÑA FIGUEROA, ENRIQUE	NINGUNHA
CUESTA GARCIA, TOMAS SERAFIN	NINGUNHA
FERNANDEZ VIDAL, XOSE RAMON	NINGUNHA
MOSQUERA LOSADA, MARÍA ROSA	AGRUPACIÓN INDEPENDENTE DA USC (IUSC)
PEREZ CRUZADO, CESAR	NINGUNHA
PÉREZ FRA, M ^a DO MAR	NINGUNHA
RODRIGUEZ LOPEZ, MARIA TERESA	NINGUNHA
ROMERO FRANCO, ROSA	NINGUNHA
TORRES LABANDEIRA, MANUEL LUIS	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscrición: Escola Técnica Superior de Enxeñaría

Nome completo	Agrupación electoral
BLANCO HERAS, DORA	NINGUNHA
BUGARIN DIZ, ALBERTO JOSE	NINGUNHA
CARREIRA NOUCHE, MARÍA JOSÉ	NINGUNHA
FERNÁNDEZ RIVERA, FRANCISCO	NINGUNHA
GONZÁLEZ ÁLVAREZ, JULIA	NINGUNHA
HOSPIDO QUINTANA, ALMUDENA	NINGUNHA
MOSQUERA GONZALEZ, ANTONIO	NINGUNHA
OMIL PRIETO, FRANCISCO	NINGUNHA
RODIL RODRIGUEZ, EVA	NINGUNHA
RODRÍGUEZ FIGUEIRAS, ÓSCAR	NINGUNHA
RODRIGUEZ MARTINEZ, HECTOR	NINGUNHA
VARELA PET, JOSE	NINGUNHA
VIDAL AGUIAR, JUAN CARLOS	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Nome completo	Agrupación electoral
ALVAREZ RODRIGUEZ, ANTONIO	NINGUNHA
BANDE RAMUDO, ROBERTO	NINGUNHA
FEAS VAZQUEZ, JACOBO	NINGUNHA
VILA VAZQUEZ, GUADALUPE	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Bioloxía

Nome completo	Agrupación electoral
ABOAL VIÑAS, JESUS RAMON	NINGUNHA
BALBOA MENDEZ, SABELA	NINGUNHA
BARREIRO IGLESIAS, ANTON	NINGUNHA
DIAZ TAPIA, PILAR	NINGUNHA
LÓPEZ ROMALDE, JESÚS ÁNGEL	NINGUNHA
MARTINEZ COSTAS, JOSE MANUEL	NINGUNHA
OTERO CASAL, ANA MARIA	NINGUNHA
PEREIRA DOPAZO, CARLOS	NINGUNHA
REYES FERREIRA, OTILIA	NINGUNHA
SALGADO CASTRO, FRANCISCO JAVIER	NINGUNHA
TABOADA RODRIGUEZ, TERESA MARIA	NINGUNHA
VIDAL FIGUEROA, ANXO	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Ciencias

Nome completo	Agrupación electoral
BARCIA VIEITEZ, RAMIRO	NINGUNHA
CABALEIRO LAGO, ENRIQUE MANUEL	NINGUNHA
FRAGA LOPEZ, FRANCISCO JOSE	NINGUNHA
LUZARDO ALVAREZ, ASTERIA MARIA	NINGUNHA
MANEIRO MANEIRO, MARCELINO	NINGUNHA
RODRIGUEZ AÑON, JOSE ANTONIO	NINGUNHA
SEIJAS VAZQUEZ, JULIO ANTONIO	NINGUNHA
VÁZQUEZ BELDA, BEATRIZ ISABEL	NINGUNHA
VÁZQUEZ VILA, MARÍA JOSÉ	NINGUNHA
VERA RODRIGUEZ, MANUEL	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscrición: Facultade de Ciencias da Comunicación

Por aplicación da normativa electoral, enténdese que as persoas candidatas proclamadas definitivamente son elixidas sen necesidade de votación.

Nome completo	Agrupación electoral
PEREZ PEREIRO, MARTA	NINGUNHA
SIXTO GARCIA, JOSE	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscrición: Facultade de Ciencias da Educación

Nome completo	Agrupación electoral
ABEAL PEREIRA, CRISTINA	NINGUNHA
BLANCO ANAYA, PALOMA	NINGUNHA
CASAL OTERO, LORENA	NINGUNHA
CRESPO COMESAÑA, JULIA MARIA	NINGUNHA
FERNANDEZ REY, ELENA	NINGUNHA
FRAGA VARELA, FERNANDO	NINGUNHA
GARCIA ALVAREZ, JESUS	NINGUNHA
GONZÁLEZ ÁLVAREZ, ELSA MARÍA	NINGUNHA
GRADAILLE PERNAS, RITA	NINGUNHA
LORENZO MOLEDO, MARIA DEL MAR	NINGUNHA
MARTINEZ PIÑEIRO, MARIA ESTHER	NINGUNHA
OLVEIRA OLVEIRA, MARIA ESTHER	NINGUNHA
PENA PRESAS, MONSERRAT	NINGUNHA
SANJUAN ROCA, MARIA DEL MAR	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscrición: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Nome completo	Agrupación electoral
CANTORNA AGRA, SARA	NINGUNHA
DEL RIO IGLESIAS, FERNANDO	NINGUNHA
DURAN SANTOMIL, PABLO	NINGUNHA
FERNANDEZ FERNANDEZ, MELCHOR	NINGUNHA
GARCÍA CHAS, ROMINA	NINGUNHA
GUNTIN ARAUJO, XULIA	NINGUNHA

LADO SESTAYO, RUBEN	NINGUNHA
LORES INSUA, FRANCISCO XAVIER	NINGUNHA
PORTO SERANTES, NELIDA	AGRUPACIÓN INDEPENDENTE DA USC (IUSC)
RIVEIRO GARCIA, MARIA DOLORES	NINGUNHA
RODIL MARZABAL, OSCAR	NINGUNHA
RODRIGUEZ SAMPAYO, ANTONIO	NINGUNHA
SANCHEZ CARREIRA, MARIA DEL CARMEN	NINGUNHA
VARELA VAZQUEZ, PEDRO	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

Nome completo	Agrupación electoral
BOUZAS LORENZO, RAMON ANGEL	NINGUNHA
FILGUEIRA LOPEZ, ESTER	NINGUNHA
JARAIZ GULIAS, ERIKA	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Dereito

Por aplicación da normativa electoral, enténdese que as persoas candidatas proclamadas definitivamente son elixidas sen necesidade de votación.

Nome completo	Agrupación electoral
ABEL SOUTO, MIGUEL	NINGUNHA
FERNANDEZ RODRIGUEZ, JOSE JULIO	NINGUNHA
GARCIA VIDAL, ANGEL	NINGUNHA
LIROLA DELGADO, MARIA ISABEL	NINGUNHA
MIGUEZ MACHO, LUIS	NINGUNHA
NIETO MONTERO, JUAN JOSE	NINGUNHA
OTERO CRESPO, MARTA	NINGUNHA
RODRÍGUEZ BOENTE, SONIA ESPERANZA	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Enfermaría

Nome completo	Agrupación electoral
JORGE SOTO, CRISTINA	NINGUNHA
PAZOS COUSELO, MARCOS	NINGUNHA
RODRIGUEZ GONZALEZ, RAQUEL	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Farmacia

Nome completo	Agrupación electoral
CORREIA PINTO CARVALHO DE MATOS, MARIA JOAO	NINGUNHA
DIAZ GOMEZ, LUIS ANTONIO	NINGUNHA
DIAZ RODRIGUEZ, PATRICIA	NINGUNHA
DURÁN CARRIL, MARÍA LUZ	NINGUNHA
GARCIA ALONSO, ANGEL	NINGUNHA
GARCIA FUENTES, MARCOS	NINGUNHA
LAGUNA FRANCIA, MARÍA DE LOS REYES	NINGUNHA
MIGUEL BOUZAS, MARÍA TRINIDAD DE	NINGUNHA
OTERO ESPINAR, FRANCISCO JAVIER	NINGUNHA
PARADELO NUÑEZ, REMIGIO	NINGUNHA
SANCHEZ POZA, MARIA SANDRA	NINGUNHA
SENDÓN GARCÍA, RAQUEL	NINGUNHA
SOTELO PEREZ, EDDY	NINGUNHA
TOVAR CARRO, SULAY AMPARO	NINGUNHA
VIÑA CASTELAO, MARÍA DOLORES	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Filoloxía

Nome completo	Agrupación electoral
ALONSO ALONSO, MARIA	NINGUNHA
CAL VARELA, MARIO	NINGUNHA
CARRACEDO FRAGA, JOSÉ	NINGUNHA
CIDRÁS ESCÁNEO, FRANCISCO ANTONIO	NINGUNHA
ESTEVEZ SAA, MARGARITA	NINGUNHA
FEIJO TORRES, ELIAS JOSE	NINGUNHA
FERNANDEZ POLO, FRANCISCO J.	NINGUNHA
FERNANDEZ REY, ELISA	NINGUNHA
GAMALLO OTERO, PABLO	NINGUNHA
GOMEZ PATO, ROSA MARTA	NINGUNHA
GUTIERREZ CAROU, JAVIER	NINGUNHA
LOJO RODRÍGUEZ, LAURA MARÍA	NINGUNHA
MALINGRET , LAURENCE	NINGUNHA
MOSCOSO MATO, EDUARDO MIGUEL	NINGUNHA
PREGO VAZQUEZ, GABRIELA	NINGUNHA

QUIROGA DIAZ, JOSE CARLOS	NINGUNHA
RODRIGUEZ PEDREIRA, NURIA	NINGUNHA
SACIDO ROMERO, JORGE	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Filosofía

Por aplicación da normativa electoral, enténdese que as persoas candidatas proclamadas definitivamente son elixidas sen necesidade de votación.

Nome completo	Agrupación electoral
DONATO RODRÍGUEZ, JAVIER DE	NINGUNHA
PEREIRA FARIÑA, MARTIN	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Física

Nome completo	Agrupación electoral
BARBOSA FERNANDEZ, SILVIA	NINGUNHA
CID VIDAL, XABIER	NINGUNHA
DEL PINO GONZALEZ DE LA HIGUERA, PABLO ALFONSO	NINGUNHA
FLORES ARIAS, MARIA TERESA	NINGUNHA
GARCIA LOUREIRO, ANTONIO JESUS	NINGUNHA
LOPEZ LAGO, MARIA ELENA	NINGUNHA
PÉREZ MUÑUZURI, ALBERTO	NINGUNHA
PÉREZ MUÑUZURI, VICENTE	NINGUNHA
SALGADO CARBALLO, JOSEFA	NINGUNHA
SANTAMARINA RIOS, CIBRAN	NINGUNHA
TABOADA ANTELO, PABLO	NINGUNHA
VILLANUEVA LOPEZ, MARIA	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Formación do Profesorado

Nome completo	Agrupación electoral
GONZALEZ SEQUEIROS, PABLO	NINGUNHA
LAGO BALLESTEROS, JOAQUIN	NINGUNHA
LOPEZ GOMEZ, SANTIAGO	NINGUNHA
ROMERO CASTRO, MARIA JOSE	NINGUNHA
SARCEDA GORGOSO, CARMEN	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Humanidades

Nome completo	Agrupación electoral
CABANA IGLESIA, ANA	NINGUNHA
FERNANDEZ SUAREZ, GONZALO FRANCISCO	NINGUNHA
FREIRE PAZ, ELENA	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Matemáticas

Nome completo	Agrupación electoral
CABADA FERNANDEZ, ALBERTO	NINGUNHA
CAO LABORA, DANIEL	ASEMBLEA DE INVESTIGADORAS DE COMPOSTELA (AIC)
CONDE AMBOAGE, MERCEDES	NINGUNHA
CRUJEIRAS CASAIS, ROSA MARÍA	NINGUNHA
DIAZ RAMOS, JOSE CARLOS	NINGUNHA
FERNANDEZ FERNANDEZ, FRANCISCO JAVIER	NINGUNHA
GÓMEZ TATO, ANTONIO M.	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscricion: Facultade de Medicina e Odontoloxía

Nome completo	Agrupación electoral
ARAN ECHABE, EDUARDO	NINGUNHA
CAAMAÑO ISORNA, FRANCISCO	NINGUNHA
CARREIRA VILLAMOR, JOSE MARTIN	NINGUNHA
COSTOYA PUENTE, JOSE ANTONIO	NINGUNHA
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, ANGEL LUIS	NINGUNHA
FERNANDEZ LOPEZ, FERNANDO	NINGUNHA
FERNANDEZ RODRIGUEZ, MA DEL PILAR	NINGUNHA
FLOREZ MENENDEZ, MARIA ANGELES	NINGUNHA
GANDARA VILA, PILAR	NINGUNHA
GARRIDO GIL, PABLO	NINGUNHA
HERMIDA AMEIJERAS, ÁLVARO	NINGUNHA
LEIS TRABAZO, MARÍA ROSAURA	NINGUNHA
LIMA RODRIGUEZ, LUIS JESUS	NINGUNHA
MUÑOZ BARUS, JOSE IGNACIO	NINGUNHA
PEREZ RIOS, MONICA	NINGUNHA

RODRIGUEZ PEREZ, ANA ISABEL	NINGUNHA
RUANO RAVIÑA, ALBERTO	NINGUNHA
SÁNCHEZ SELLERO, INÉS	NINGUNHA
SANTOS PEREZ, SOFIA MARIA SOLEDAD	NINGUNHA
SEOANE PRADO, RAFAEL	NINGUNHA
SOTO VARELA, ANDRES	NINGUNHA
SUAREZ CUNQUEIRO, MARIA MERCEDES	AGRUPACIÓN INDEPENDENTE DA USC (IUSC)
SUAREZ QUINTANILLA, JUAN ANTONIO	NINGUNHA
TABERNEIRO DUQUE, MARIA JESÚS	NINGUNHA
TORRES IGLESIAS, ANGELA JUANA	NINGUNHA
ZALVIDE TORRENTE, JUAN BAUTISTA	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscrición: Facultade de Óptica e Optometría

Nome completo	Agrupación electoral
BAO VARELA, Mª CARMEN	NINGUNHA
GIRÁLDEZ FERNÁNDEZ, MARÍA JESÚS	NINGUNHA
PENA VERDEAL, HUGO	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscrición: Facultade de Psicoloxía

Nome completo	Agrupación electoral
ALZATE GARCÍA, MÓNICA	NINGUNHA
DOALLO PESADO, SONIA	NINGUNHA
DURAN RODRIGUEZ, MARIA DEL MAR	NINGUNHA
FRAGA CAROU, ISABEL	NINGUNHA
MARTINEZ VISPO, CARMELA	NINGUNHA
MONTES PIÑEIRO, CARLOS	NINGUNHA
PEREIRO ROZAS, ARTURO JOSE	NINGUNHA
SAMPEDRO VIZCAYA, MARÍA JOSÉ	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscrición: Facultade de Química

Nome completo	Agrupación electoral
BARCIELA ALONSO, MA CARMEN	NINGUNHA
GONZALEZ BELLO, CONCEPCION	NINGUNHA

GONZALEZ NOYA, ANA MARIA	NINGUNHA
LAZZARI , MASSIMO	NINGUNHA
LORES AGUIN, MARTA	NINGUNHA
PÉREZ MEIRÁS, MARÍA DOLORES	NINGUNHA
QUINTANA ALVAREZ, JOSE BENITO	NINGUNHA
RODIL RODRIGUEZ, MARIA DEL ROSARIO	NINGUNHA
RODRIGUEZ DAFONTE, PEDRO	NINGUNHA
SANCHEZ PEDREGAL, VICTOR MANUEL	NINGUNHA
SANMARTIN MATALOBOS, JESUS	NINGUNHA
VAZQUEZ LOPEZ, MIGUEL	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscrición: Facultade de Relacións Laborais

Por aplicación da normativa electoral, enténdese que as persoas candidatas proclamadas definitivamente son elixidas sen necesidade de votación.

Nome completo	Agrupación electoral
VILLALBA SANCHEZ, ALICIA	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscrición: Facultade de Veterinaria

Nome completo	Agrupación electoral
CANTALAPIEDRA GONZALEZ, ANTONIO	NINGUNHA
CIFUENTES MARTINEZ, JOSE MANUEL	NINGUNHA
FRANCO ABUIN, CARLOS MANUEL	NINGUNHA
HERNANDEZ BERMUDEZ, JOAQUIN RICARDO	NINGUNHA
LÓPEZ ALONSO, MARÍA MARTA	NINGUNHA
LOPEZ SANDEZ, CEFERINO MANUEL	NINGUNHA
LOSADA GARCÍA, ANA PAULA	NINGUNHA
MELGAR RIOL, MARIA JULIA	AGRUPACIÓN INDEPENDENTE DA USC (IUSC)
MIRANDA CASTAÑÓN, MARTA INES	NINGUNHA
MORA GUTIERREZ, AZUCENA DEL CARMEN	NINGUNHA
MUÑOZ GUZON, FERNANDO MARIA	NINGUNHA
PAZ SILVA, ADOLFO	NINGUNHA
QUINTELA ARIAS, LUÍS ÁNGEL	NINGUNHA
QUIROGA BERDEAL, MARÍA ISABEL	NINGUNHA
RICO GOMEZ, MARGARITA	NINGUNHA

Sector: Sector I

Circunscrición: Facultade de Xeografía e Historia

Nome completo	Agrupación electoral
ALDREY VAZQUEZ, JOSE ANTONIO	NINGUNHA
BARRAL MARTINEZ, MARGARITA	NINGUNHA
BARRAL RIVADULLA, M ^a DOLORES	NINGUNHA
GARBAYO MONTABES, FRANCISCO JAVIER	NINGUNHA
GARCIA GARCIA, JESUS HORACIO	NINGUNHA
LANERO TABOAS, DANIEL	NINGUNHA
LOPEZ CALDERON, CARME	NINGUNHA
LOPEZ SILVESTRE, FEDERICO ANTONIO	NINGUNHA
MIGUEZ MACHO, ANTONIO	NINGUNHA
MONTERROSO MONTERO, JUAN MANUEL	NINGUNHA
NOGUEIRA OTERO, XOSE	NINGUNHA
PELAZ FLORES, DIANA	NINGUNHA
PIÑEIRA MANTIÑAN, MARIA JOSE	NINGUNHA
TRILLO SANTAMARIA, JUAN MANUEL	NINGUNHA

Sector: Sector II

